

## **Convocatoria de 3 plazas para participar, de xeito en liña (online), no Proxecto Europeo LAPASSION (Brasil, LAPASSION@Pelotas)**

A Universidade de Vigo é membro do partenariado que desenvolve o proxecto Erasmus+ CBHE LAPASSION (*Latin-America Practices and Soft Skills for an Innovation Oriented Network*). Liderado polo Instituto Politécnico do Porto (Portugal), conta con 15 institucións socias procedentes de Portugal, Finlandia, España, Brasil, Chile e Uruguai.

O obxectivo principal do proxecto LAPASSION é dotar ao alumnado de competencias transversais a través de proxectos multidisciplinares con alumnado dos países participantes e aumentar a conexión con empresas/organizacións, cun impacto sobre a empregabilidade e a internacionalización.

O proxecto pretende acadar estes obxectivos a través da organización de proxectos multidisciplinares de 10 semanas de duración, onde o alumnado adquirirá as devanditas competencias transversais traballando na co-creación, co-desenvolvemento e aceleración de ideas innovadoras para solucionar desafíos do século XXI en diferentes áreas.

Os proxectos multidisciplinares levaranse a termo creando equipos de estudantes de diversas disciplinas, con diferentes niveis educativos e de diferentes países, coa fin de que traballen conxuntamente para solucionar os desafíos plantexados polas empresas e/ou organizacións participantes.

LAPASSION@Pelotas presenta unha experiencia segura, online e innovadora para fortalecer o curriculum do estudiantado con proxectos multidisciplinares, multiculturales e orientados á adquisición de competencias transversais en equipos internacionais.

**Desenvolverase do 1 de Setembro ao 5 de Novembro de 2021.**

O alumnado beneficiarase desta experiencia internacional mentras pode continuar cos seus estudos no campus de Pontevedra.

**Ao finalizar o proxecto o alumnado participante recibirá un CERTIFICADO de participación e aproveitamento.**

## **Características do proxecto**

LAPASSION prevé o desenvolvemento de proxectos multidisciplinares (MP / I) caracterizados por:

- proxectos presentados polo entorno circundante (empresas e outras organizacións) ou resultantes de ideas innovadoras para crear novos prototipos / produtos / servizos
- proxectos desenvolvidos por grupos multidisciplinares de estudantes, que inclúan polo menos 3 áreas de coñecemento diferentes (tecnoloxía, deseño, artes, administración, saúde, educación, etc.)
- proxectos desenvolvidos por grupos de estudantes de diferentes países (multiculturalismo, lingua, etc.)
- proxectos dirixidos a desenvolver habilidades transversais (traballo en equipo, liderado, xestión de conflitos, negociación, etc.)

Inicialmente deseñada para ser unha experiencia desenvolvida en persoa, a situación de pandemia global levou á necesidade de pasar ao desenvolvemento de proxectos en liña, xa experimentados con éxito nas edicións LAPASSION 2020 coordinadas polos institutos federais de Amazonas e Goiás, ambos en Brasil. Para estas edicións, os estudantes desenvolveron retos de equipos en liña, con gran éxito, permitindo unha experiencia internacional en liña real para mellorar os seus plans de estudo.

O presente conxunto de proxectos multidisciplinares será organizado polo Instituto Federal Sul-Riograndense (con sede en Pelotas, Brasil) do 1 de setembro ao 5 de novembro de 2021 (10 semanas). O tema xeral dos proxectos multidisciplinares desenvolverase no seguinte reto: "Accesibilidade con Tecnoloxías de Asistencia".

## **BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE 3 PLAZAS DE ALUMNADO DO CAMPUS DE PONTEVEDRA DENTRO DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO EUROPEO ERASMUS+ CBHE "LAPASSION" (585687-EPP-1-2017-1-PT-EPPKA2-CBHE-JP)**

### **1. OBXECTO**

A finalidade desta convocatoria é dotar ao alumnado das titulacións do Campus de Pontevedra de competencias transversais a través de proxectos multidisciplinares con alumnado dos países participantes no proxecto Lapassion e, por outra banda, aumentar a cultura de innovación das institucións de educación superior e a súa conexión con empresas/organizacións, cun impacto sobre a empregabilidade e a internacionalización. Con esta finalidade convócanse 3 plazas, en réxime de concorrencia competitiva para a súa participación nas actividades do proxecto europeo Erasmus+ CBHE "LAPASSION", en calidade de alumnado da UVIGO nos proxectos multidisciplinares que se desenvolverán de xeito en liña (online) do 01/09/2021 ao 05/11/2021, baixo o tema "Tecnoloxías Asistivas (sistemas para apoio a persoas con deficiencias - Accesibilidade e Inclusión)".

### **2. REQUISITOS**

Poderá participar na presente convocatoria o alumnado que reúna os seguintes requisitos:

#### a) Requisitos académicos:

Estar matriculada/o no curso 2020-21 na Universidade de Vigo en estudos de Grao ou Mestrado oficiais impartidos no Campus de Pontevedra.

#### b) Requisitos lingüísticos:

Acreditar mediante acreditación oficial a posesión do nivel B1 de inglés. A Universidade aceptará as certificacións de nivel B1 incluídas na seguinte táboa de acreditacións aceptadas por ACLES á que se pode acceder a través do seguinte enlace: [http://cdl.uvigo.es/certificados\\_cursos.php](http://cdl.uvigo.es/certificados_cursos.php)

#### c) Outros requisitos:

Ser cidadá/n dalgún dos 28 países membros da UE, de Islandia, Liechtenstein e Noruega, ou dun país candidato á adhesión ou posuír o estatuto de residente permanente, de apátrida ou de persoa refuxiada en España. Poderán participar aquelas persoas que, non sendo nacionais dun dos países participantes no Erasmus+, o sexan de terceiros países e estean en posesión dun permiso de residencia válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.

### **3. FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

O prazo de presentación das solicitudes comezará ao día seguinte ao da publicación desta convocatoria ata o 18 de xuño de 2021. As solicitudes das persoas interesadas deberán enviarse por correo electrónico á dirección [cbhe-lapassion@uvigo.es](mailto:cbhe-lapassion@uvigo.es) indicando o seu interese na participación do proxecto e adxuntando a seguinte documentación:

1. Nome e apelidos, DNI, correo electrónico
2. Currículo (CV)
3. Certificacións oficiais de nivel B1 de inglés (e calquera outra certificación de idioma relevante a efectos desta convocatoria).

Segundo a normativa de protección de datos, infórmase a cada persoa candidata de que os seus datos formarán parte dun ficheiro do que a Universidade de Vigo é responsable. Os datos serán tratados para finalidades relacionadas co programa Erasmus+, tanto informativas como para procesos de selección desta convocatoria e outras con fins semellantes e serán enviados ao coordinador do proxecto europeo Erasmus+ CBHE Lapassion (Instituto Politécnico do Porto, Portugal). A persoa candidata poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos datos, dirixindo unha solicitude con copia do seu NIF á Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, Universidade de Vigo.

So se terán en conta os méritos obtidos na data de finalización de presentación de solicitudes, non sendo posible a actualización posterior deles. Os méritos presentados pero non acreditados adecuadamente poderán ser obxecto de emenda no período habilitado para iso na resolución de admisión provisional.

### **4. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, ditarase resolución provisional de persoas admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación para emendar os erros e a falta de documentación presentando as alegacións por correo electrónico na dirección [cbhe-lapassion@uvigo.es](mailto:cbhe-lapassion@uvigo.es). De non facelo, entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Unha vez revisadas as alegacións, ditarase resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas.

### **5. AVALIACIÓN E SELECCIÓN DAS SOLICITUDES**

A selección será efectuada pola Comisión de selección atendendo aos seguintes criterios (máximo 10 puntos):

- 1- Valoración do CV (máximo 3,5 puntos). A Comisión valorará a afinidade do CV e do expediente académico coa temáticas do proxecto multidisciplinar.
- 2- Media do expediente académico (máximo 3,5 puntos)

3- Coñecemento de idioma (ata 2 puntos para nivel superior a B1 e máximo 1 punto adicional por coñecemento doutros idiomas).

A Comisión de selección está composta por:

Presidente: José Carlos Souto Otero, Coordinador académico do proxecto LAPASSION na Universidade de Vigo.

Secretaria: Silvia García González, profesora do Campus de Pontevedra.

Vogais: Oswaldo García Crespo, Dolores Dopico Aneiros e Antonio Pena Giménez, membros do proxecto Lapassion na UVigo e profesorado do Campus de Pontevedra.

Efectuada a selección pola Comisión, publicarase a resolución provisional de adxudicación e denegación e a listaxe de agarda. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, dirixidas á [cbhe-lapassion@uvigo.es](mailto:cbhe-lapassion@uvigo.es). Revisadas as alegacións pola Comisión, o coordinador do Proxecto na Universidade de Vigo ditará a resolución definitiva de concesión.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse no taboleiro de notificación sito na Escola de Enxeñaría Forestal do Campus de Pontevedra. Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.